

UN ANO ENTEIRO

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 14 x 30 cm. 32 páx. 16 €

Un ano enteiro (galego)

ISBN 978-84-1343-356-1. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Un año entero (castelán)

ISBN 978-84-1343-357-8. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Un any molt enfelinat (català)

ISBN 978-84-10387-07-2. Àlbum il·lustrat. Clàssics contemporanis.

Urte osoko ardura (euskara)

ISBN 978-84-9172-415-5. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

Um ano atarefado (português)

ISBN 978-989-749-194-8. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

Era o primeiro día de xaneiro e para os xemelgos tamén era a primeira vez que ían dar un paseo pola neve.

–Mira –dixo Lolo–, un rato de neve!

–E ten unha vasoira na man –respondeu Lara.


Entón, escoitaron unha voz:

–Non son unha vasoira! Son unha árbore e chámome Flora...

A amizade entre dous ratiños e unha árbore, a través dos meses do ano, das estacións e dos cambios que experimenta o tempo atmosférico.

Os pequenos Greta e Guille descubren o ritmo da natureza co discorrer das estacións e cos cambios que experimenta ao longo de doce meses a través da súa amiga Flora, unha árbore que lles fala sobre os beneficios da chuva, da caída das follas e mesmo do seu temor aos lumes. Mediante un diálogo sinxelo con trazos de tenrura e humor, «Un ano enteiro» non só aborda o ciclo anual, senón tamén como se forxa unha grande amizade entre criaturas diferentes que se axudan nos momentos difíciles.

Aínda que o escenario desta historia é invariable, Leo Lionni renóva en cada páxina amosando os fenómenos meteorolóxicos —neve, chuvia e vento, sol, distintos tipos de nubes...— propios do paso do tempo e a evolución —gromos, flores, froita...— da árbore, cuxo nome remite ao seu significado vexetal. Co su estilo característico, a base de colaxes que destacan pola riqueza do colorido e das texturas, o autor volve deleitar as lectoras e os lectores cuns simpáticos ratiños como os que protagonizan clásicos como «Frederick», «O soño de Matías», «Álex e o rato de corda», «Números» e «Cores».



- **Temática:** os meses do ano, as estacións, a natureza.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil; amizade, xenerosidade; animais, ecoloxía, meteoroloxía, o paso do tempo; colaxe; do autor de «Entre mundos. Una autobiografía», «Un peixe é un peixe», «Unha cor propia», «Cornelio», «Frederick», «A casa máis grande do mundo», «Paso a paso», «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», «O soño de Matías», «Álex e o rato de corda», «Nadarín», «Cores» e «Números».

■ En Kalandraka TV:

https://kalandraka.tv/gl/videos/leo-lionni_entre-mundos/

■ Avance do libro:

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-ano-enteiro-gal>

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni medrou nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un grande afeccionado á pintura- e soubo dende moi novo que o seu destino estaría vencellado á creatividade. Doutor en Economía pola Universidade de Xénova, en 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939 traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa fama como artista e os seus cadros exhibíronse nas principais galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: «Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia». O seu primeiro libro infantil publicouse en 1959 e xurdiu por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anaqueiros de papel de seda. Así naceu «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», ao que seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Recibiu, entre outros premios, catro medallas Caldecott e, en 1984, a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas pola súa traxectoria como escultor, deseñador, pintor e ilustrador. <https://www.leolionni.com/>